

## Grilos e ralos, rans albariñas

**Constantino García**

### Formas de citación recomendadas

#### 1 | Por referencia a esta publicación electrónica\*

GARCÍA, CONSTANTINO (2012 [1986]). “Grilos e ralos, rans albariñas”. En *Actas do Congreso Internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo* (III). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, 71-78. Reedición en *poesiagalega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/2016>>.

#### 2 | Por referencia á publicación orixinal

GARCÍA, CONSTANTINO (1986). “Grilos e ralos, rans albariñas”. En *Actas do Congreso Internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo* (III). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, 71-78.

\* Edición dispoñíbel desde o 10 de xullo de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

## GRILLOS E RALOS, RANS ALBARIÑAS

CONSTANTINO GARCIA

Universidade de Santiago

O segundo poema do segundo libro (¡Do íntimo!) de *Follas Novas* é unha poesía na que aparecen catro nomes de animalíños ou bichos que contribúen á formación dunha paisaxe tipicamente galega vista e xulgada desde a perspectiva rosaliana:

Grilos e ralos, rans albariñas,  
sapos e bichos de todas cras,  
mentras ó lonxe cantan os carros,  
¡que serenatas tan amorosas,  
nos nosos campos sempre nos dan!

Tan so acordarme delas,  
non sei o que me fai,  
nin sei se é ben,  
nin sei se é mal. (1)

Os animalíños son salientados nos dous primeiros versos como suxeitos da acción fundamental que transcorre non na Natureza en xeral, senón precisamente nun lugar concreto: *nos nosos campos*. Nos campos que Rosalía coñece ben. Nos campos que Rosalía ama e son testigos dos seus sentimentos encontrados. Podían se-los mesmos campos que canta no poema titulado "En Cornes" (2) onde escribe:

Formoso campo de Cornes,  
cando te crobes de lirios  
tamén se me crobe a ialma  
de pensamentos sombrisos.

E onde tamén se produce ese contraste entre a paisaxe alegre e a vida chea de pesares e tristezas:

Donde hai homes hai pesares,  
mais nos teus campos, ña terra  
maxino que os hai máis fondos,  
cando te amostras máis leda.  
¡Porque eses tríos de páxaros,  
eses ecos e esas brétemas  
vaporosas, e esas frores,  
na alma triste, canto pesan!

(1) *Follas Novas*, Madrid-Habana, 1880, p. 25.

(2) *Follas Novas*, pp. 202-205.

E remata este poema odiando o campo fresco e fermoso e toda a paisaxe (montes e ríos):

¡Porque vos ameí tanto,  
e porque así vos odio!

Os animalíños dos *nosos campos* non están soamente presentes, senón que están actuando en favor dunha paisaxe vivinte, fermosa e chea de musicalidade: dannos serenatas. As *serenatas* son os concertos musicais que se fan ó aire libre ó cae-la noite en homenaxe dunha persoa. As serenatas que nos dan aquí están dirixidas precisamente a cantos viven eses momentos nos nosos campos. Se tiñamos xa situada a acción no espacio local, agora podemos saca-la consecuencia que o espacio temporal do poema transcorre no momento en que a noite se estende polos nosos campos.

E toda a acción das serenatas vén calificada por un só adxectivo: *amorosas*. *Amoroso* non significa soamente “que sente amor”, “que denota amor” senón tamén apacible, doce, tenro, suave. Amoroso é un adxectivo moi caro a Rosalía. Nos *Cantares Gallegos* (3) é aplicado ó *falar amoroso* e nas *Follas Novas* (4) tamén Marianiña, a protagonista de “N’hai peor meiga que unha gran pena” di do seu amado que:

¡Ay, mi madre! era bonito  
coma os anxos das igresias,  
era en falas amoroso,  
muito, muito, máis que as sedas...

No poema “¡Terra a nosa!” (5) nunha descripción dun momento semellante ó do noso poema exclama a poeta:

¡Que contos pracenteiros!... que amorosas  
falas se din alí...

E moitas veces máis é usado por Rosalía este adxectivo:

mentras mansa-las brixas se queixaban—  
con amoroso laio (6), ... amorosas ansias (7), ...  
o bico máis amoroso (8) etc.

A beleza do momento en que os animalíños nos dan as serenatas queda pois xustamente contida e expresada por este adxectivo que enmarca en si un cadro de apacibilidade, dozura, tenrura e suavidade.

Fáltanos salientar que esta serenata amorosa ten un telón de fondo que completa o cadro:

mentres ó lonxe cantan os carros.

(3) *Cantares Gallegos*, 2ª ed., Madrid, 1872, p. 123.

(4) *Follas Novas*, p. 83.

(5) *Follas Novas*, p. 218.

(6) *Follas Novas*, p. 133.

(7) *Follas Novas*, p. 115.

(8) *Follas Novas*, p. 238.

Os carros, co seu renxer polas corredeiras, son parte complementaria da música da paisaxe galega. Noutro poema de Follas Novas (9) exclama Rosalía:

Chirrar dos carros da Ponte,  
tristes campanas de Herbón,  
cando vos oio partídesme  
as cordas do corazón.

En "O encanto da pedra chan" tamén os carros están presentes:

En tanto os carros sin parar chirraban,  
mentras ó seu compás os carreteiros  
despaciosos cantaban.

Trala descripción deste cadro dunha situación poética chea de serenidade e harmonía que está expresada en versos decasílabos, esperaríamos que algo vai acontecer como pasa no poema xa citado de "En Comes". Pois non. Eses cinco versos quedan interrompidos por un par de versos heptasílabos e outro de pentasílabos que cortan radicalmente o expresado anteriormente converténdoo nunha evocación do pasado. E como tantas veces pasa no resto desta obra, a dúbida de todo enche a vontade da poeta.

Tan so acordarme delas,  
non sei o que me fai,  
nin sei se é ben  
nin sei se é mal.

O *non sei* é o sintagma verbal que sinala a indecisión, a dúbida e a perplexidade na que se atopa a poeta. O *non sei* está presente en multitude de poemas de *Follas Novas*.

No poema "O toque de alba" (10) di da campana da catedral

As túas bataladas  
non sei que despertares me recordan.

En "A bandolinata" (11) di

Aquel cantar tróuxome  
non sei que lebranzas.

En "O encanto da pedra chan" (12) exclama

Eu non sei que sentía,  
vendo que el en chamarme proseguía...  
e non sei que voz ronca marmuraba,  
co vento que soaba.

---

(9) *Follas Novas*, p. 144.

(10) *Follas Novas*, p. 47.

(11) *Follas Novas*, p. 46.

(12) *Follas Novas*, pp. 192 e 197.

Esa indecisión queda moi clara neste poema (13)

¡Quérome ire, quérome ire!  
para donde non o sei...  
quero e non sei o que quero  
que é todo igual para min

Ou nestoutro (14) que comeza así

Dénde aquí vexo o camiño  
que non sei a donde vai,  
polo mesmo que non sei  
quixera o poder andar...  
que eu penso, non sei por que,  
nas vilas que correrá...  
camiño, camiño branco  
non sei para donde vas...

Estas mostras, das que poderíamos dar outros tantos testemuños axúdannos a comprender-lo esquema desta poesía: 1ª parte, exposición dun cadro da vida no campo galego na que se salienta a musicalidade do momento crepuscular e 2ª parte, expresión da dúbida existencial, da indecisión na que está mergullada a alma da poeta.

E pasemos agora a examina-los animais que participan nas serenatas amorosas:

grilos e ralos, rans albariñas,  
sapos e bichos de todas cras.

Están citados catro nominalmente e segundo a orde na que aparecen podíamos pensar que os dous primeiros son insectos e os dous seguintes batracios. E despois sinálase que ademais dos citados toman parte no concerto musical *bichos de todas cras*. ¿Que son os *bichos* para un galego falante?. Nun sentido estricto *bichos* ou *bichos* son sobre todo calquera clase de insectos ou de vermes e nun sentido máis amplo calquera animal pequeno, un reptil por exemplo, pero que en certa maneira produce algo de noxo cando é contemplado. Para Rosalía os *bichos de todas cras* son, pois, coma para todo galego-falante, os outros insectos, ou batracios ou vermes do mundo animal que viven no seu entorno e que cos seus berros, chíos ou cantos se suman ó concerto de ruidos que se producen na paisaxe natural do campo galego.

Dos *sapos* só nos cabe dicir que aparecen soamente neste poema e que estes batracios viven normalmente ocultos polo día entre as pedras e que na tardiña baixa saen dos seus recunchos á caza de insectos e vermes.

Pouco cabe dicir tamén dos *grilos*, insectos ortópteros, tan comúns en todas partes. Na obra rosaliana están bastante presentes. No primeiro poema de *Cantares Gallegos* (15) están cumprindo o seu papel de cantores:

(13) *Follas Novas*, p. 237.

(14) *Follas Novas*, p. 240.

(15) *Cantares Gallegos*, p. 4.

Cantaban os grilos,  
os galos cantaban,  
o vento entre as follas  
ruxindo pasaba

O mesmo ocorre no poema titulado "Campanas de Bastabales" (16):

Que ca noite se adormecen  
para que canten os grilos  
que cas sombras aparecen.

No libro de *Follas Novas* aparecen tamén varias veces os grilos. O poema "O pazo de A." comeza con estes versos:

Era ó caer da tarde,  
encomenzaba o cántico dos grilos

No poema que empeza co verso "Tecín soia a miña tea" tamén

canta o grilo o seu compás

pero a muller que chora a súa soedade a causa do home perdido, revólvese contra a alegría dos animais que cantan

Cala rula, os teus arrulos  
ganas de morrer me dan,  
cala, grilo, que si cantas  
sinto negras soidás.

Os grilos van acompañados para dar esta serenata polos *ralos*. Pero ¿que é un *ralo*? Se consultamos os tratados lexicográficos galegos, atopámonos que o primeiro que nos fala deste animal é o P. Sarmiento (17) que nos di que chaman así en Pontevedra "a la ave nocturna que también llaman pájaro da morte y, creo, cárabo en Castilla". Esta definición de *ralo* quedou recollida no primeiro dicionario galego-castelán de F.J. Rodríguez (18) como "cárabo, ave nocturna y de rapiña". De aí pasou a todos os dicionarios posteriores con esa acepción. Na fala viva de hoxe só temos constancia do uso de *ralo* como ave, precisamente na comarca de Marín, cerca de Pontevedra, onde o P. Sarmiento xa a escoitara no século XVIII. Se temos en conta a relación de bichos que dan as serenatas na nosa poesía (grilos, rans albariñas, sapos, bichos de tódalas clases), queda claro que Rosalía non puido relacionalos seus *ralos* coas aves chamadas *paxaros da morte*, que, se ben "cantan", non serían cantoras apropiadas nas serenatas amorosas.

No citado dicionario de F.J. Rodríguez vén unha segunda acepción para a voz *ralo*: "especie de gusano que roe la verdura por el pie", definición que pasa exacta-

(16) *Cantares Gallegos*, p. 64.

(17) P. Sarmiento. *Catálogo de voces y frases de la lengua gallega*, Ed. de J.L. Pensado, Salamanca en 1973, p. 365.

(18) F.J. Rodríguez, *Diccionario gallego castellano...*, Coruña, 1865.

mente ó dicionario de Cuveiro (19), ó de Valladares (20), que engade trala palabra verdura, “o berza” e a tódalas posteriores. Desde logo a acepción de *ralo* como verme da verdura está aínda viva nalgunhas partes e acaso fora tamén coñecida por Rosalía, pero pola mesma razón que dicíamos dos ralos-aves como bichos improprios para dar serenatas, debemos pensar que non son vermes os *ralos* que aparecen neste poema.

No dicionario de Leandro Carré Alvarellos (21), xunto con estas dúas acepcións devanditas, está a de “insecto” sen máis explicación. E no dicionario de Eladio Rodríguez González (22) faise unha descripción deste insecto “cigarra, insecto hemiptero homóptero que produce un canto monótono”. Nunha recollida de léxico da comarca compostelana (23) entramos en contacto con esta voz *ralo* que nos foi definido como “insecto parecido al escorpión”. Nese mesmo traballo recollíamos tamén a voz *relo*, como variante de *rela*, que definíamos como “insecto que roe las cebollas”. Na fala viva de bastantes puntos da provincia da Coruña é ben coñecido o *relo* como “cantárida ou insecto coleóptero verde que, tragado polas vacas, fai que estas enfermen gravemente”. *Relo* aparece no dicionario de Filgueira Valverde e outros (24) como “escarabajo”, acepción que recolle tamén o xa citado Eladio Rodríguez. E o de Carré traduce a voz *relo* como “cigarra” en castelán. Da fala viva temos testemuñas desta voz como “cigarra” na Serra de Outes e na comarca de Ordes.

De todos estes datos podemos colexir que *ralo*, o mesmo que as súas variantes *relo* e *rela*, é denominación nun sentido amplo de insecto e nun sentido máis concreto, segundo os lugares, de diferentes insectos: escaraballo, alacrán, alacrán ceboleiro, cantárida, chicharra, etc. Agora ben, ¿en cal destes insectos pensou Rosalía para acompañalos grilos nas serenatas? En principio coído que poderían ser as cigarras, insecto cantor por excelencia nos campos galegos. Curiosamente non aparecen estes insectos na súa poesía galega pero si está documentada a voz cigarra na súa poesía castelá. O poema adicado a Pilar Castro y Alván (25) comeza con estes versos:

Cuando al morir el día  
solo cantan el grillo y la cigarra,  
y los insectos bullen y se pierden  
en la niebla dorada...

Só neste poema aparecen as cigarras. ¿Non será o *ralo* a denominación galega que preferiu Rosalía para este insecto coñecido tamén como chicharra, cantarriña, cantaruxa, etc.? A secuencia *grilos e ralos* é semellante á do verso castelán

solo cantan el grillo y la cigarra

(19) Juan Cuveiro Piñol, *Diccionario gallego*, Barcelona, 1876.

(20) Marcial Valladares Núñez, *Diccionario gallego castellano*, Santiago, 1884.

(21) Leandro Carré Alvarellos, *Diccionario gallego-castelán*, 4ª ed., Coruña, 1972.

(22) Eladio Rodríguez González, *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*, Vigo, 1961.

(23) Constantino García, *Léxico de la comarca compostelana*, Anejo I de *Verba*, Santiago, 1974.

(24) Filgueira Valverde e outros, *Vocabulario popular gallego-castelán*, Pontevedra, 1926.

(25) Rosalía de Castro, *Obras Completas*, Aguilar, 6ª ed., Madrid, 1966, p. 1520.

e, polo tanto, non debe pasarse por alto esta interpretación.

Sen embargo é necesario ter en conta a vixencia da voz *ralo* na zona onde viviu Rosalía como nena. O investigador Carlos Pedreira López, membro da Sociedade Galega de Historia Natural, fixo unha enquisa na zona de Amaía —especialmente en Ortoño— sobre os diversos grílidos que aí viven e comunicoume os seus resultados. Naturalmente non hai ningún problema coa voz *grilo* que é o *gryllus campestris*, tan coñecido por todos. E escribeme textualmente: “A voz *ralo* coexiste coa voz *relo* en toda a Amaía, aínda que esta última é a máis abundante; na zona de Ortoño e Bugadillo é onde hai unha maior coexistencia e é significativo o feito de que unha informante de 52 anos dixera que antes a forma máis usada en Ortoño era a de *ralo*. Pois ben, en 200 informantes só 40 coñecían esta voz, delas 38 identificábana indubidable e unicamente co *gryllotalpa gryllotalpa*, 2 dixeron que era unha especie de saltón verde. Polo tanto creo podíamos deixar asentado o significado desta voz para Rosalía como alacrán ou grilo ceboleiro segundo se coñece noutras partes”.

En resume, na zona en que viviu Rosalía os *ralos* son insectos diferentes ás cigarras ou cantariñas. Teñen a cor castaña e cantan cun son moi semellante ó das cigarras. De aí pode vi-la confusión. ¿Foi Rosalía vítima desta confusión ou cando fala de *ralos* refírese exclusivamente ós grilos ceboleiros? Eu, como lingüista que examina feitos reais da lingua, creo que os ralos son os *Gryllotalpa Gryllotalpa*. Como lector inxenuo do poema gústame máis pensar que os ralos son identificables coas cigarras, de máis tradición musical e poética.

E quedannos as *rans albariñas*. Eu escribín no periódico *La Voz de Galicia*, o día 24 de abril de 1985, un artigo de divulgación sobre os *ralos* e pasei por alto comenta-lo sintagma *rans albariñas* porque, segundo dicía no segundo artigo publicado o día 5 de maio de 1985, “entendía que era moi nidio o seu significado. Coido que *rans* ou *ras* teñen un significado moi diáfano e o adxectivo *albariño* indica a cor máis ou menos equivalente á da *uva albariña*. No poema “¡Terra a nosa!” de *Follas Novas* (26) exclama a poeta:

¡Ou miña parra de albariñas uvas,  
que a túa sombra me das!

onde é usada no seu máis común sentido o adxectivo *albariño*. Polo tanto creo que fai un uso extensivo do *albariño* aplicándoo ás rans que teñen esa mesma cor. E sigo crendo nesta interpretación tan simple.

Pero o meu colega Ricardo Carballo Calero fíxome a observación, primeiro oralmente e despois por escrito en dous artigos publicados tamén no mesmo periódico (días 21 e 26 de maio de 1985) de que nalgúns dicionarios aparece *ran albariña* co sentido de chicharra. E efectivamente no dicionario citado de Valladares (1884) aparece por primeira vez esta locución: *ran albariña* = chicharra, que despois recolle tamén o dicionario de Carré e os dicionarios da Real Academia Galega (27) e de Eladio Rodríguez González que engaden ademais a *ran albar*.

(26) *Follas Novas*, p. 220.

(27) Real Academia Galega, *Diccionario gallego-castellano*, La Coruña, 1923.



Eu consultei tódalas papeletas do Tesouro lexicográfico do Instituto da Lingua Galega así como toda clase de documentos gravados que aí existen e falei con varios especialistas en zooloxía galega e non atopei ningún testemuño da existencia das *rans albariñas*. Hai rans da silva ou da silveira, hai rans da veiga e hai rans de San Antón, pero ninguén sabe de rans albares ou albariñas, das que falan os lexicógrafos. Tamén fixen a investigación de tipo contrario: busca-los nomes das chicharras, pero entre elas nunca apareceu ningún nome que tivese relación con ran. ¿Trátase entón do que os lingüistas chamarán 'pantasma lexicais'? Pode que si.

Dado que existe *toxó albar* e que *albar* e mesmo *albariña* significa nalgunhas zonas de Galicia uz, carpaza, breixo, penso que cabería tamén a posibilidade de interpretar-las *rans albariñas* como rans dos breixos. Pero, desde logo, non existe tal denominación.

A min, repito, que as *rans albariñas* seguen parecéndome rans que están acompañadas dun adxectivo que as califica cunha cor fermosa: *albariña*.

Con todo, non quero rematar sen sementar unha dúbida para futuros comentaristas deste poema. ¿Porque non pensamos que hai un erro de impresión? ¿Por que non lemos grilos e ralos, rans, albariñas, — sapos e bichos de todas cras?

A *albariña* é un insecto parecido á cascuda que produce enfermidades ó gando e está recollida xa no diccionario de Valladares e, naturalmente, en tódolos que apareceron posteriormente. ¿Canta este tipo de insecto como os grilos e os ralos e as rans? ¿Poden as *albariñas* formar parte dos *bichos de todas cras* dos que fala o segundo verso?

A dúbida queda aí.